

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

12897 *Real decreto 1076/2015, do 27 de novembro, polo que se derroga o Real decreto 2200/1986, do 19 de setembro, de regulación de artes e modalidades de pesca en augas do caladoiro canario, e se modifica o Real decreto 560/1995, do 7 de abril, polo que se establecen os tamaños mínimos de determinadas especies pesqueiras, en relación con determinados tamaños mínimos autorizados para o caladoiro das Canarias.*

O Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, ten como obxectivo fundamental garantir unha explotación sustentable dos recursos pesqueiros vivos e da acuicultura no marco dun desenvolvemento sustentable, tendo en conta de xeito equilibrado os aspectos económicos, ambientais e sociais.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece entre os seus fins os de velar pola explotación equilibrada e responsable dos recursos pesqueiros.

O Real decreto 2200/1986, do 19 de setembro, de regulación de artes e modalidades de pesca en augas do caladoiro canario, contén os elementos esenciais do réxime pesqueiro do caladoiro nacional canario, complementados en diversas ordes para determinadas artes, especies ou zonas.

A futura orde pola que se regulan as artes e modalidades de pesca marítima e se establece un plan de xestión para os buques dos censos do caladoiro nacional canario vai refundir a dispersa normativa estatal na materia, unificando a normativa actualmente vixente nun único instrumento xurídico e derogando as diversas ordes existentes.

Nela tamén se incorporarán previsións contidas no citado real decreto; non obstante, o tempo transcorrido desde a promulgación da dita norma fai necesaria a actualización e revisión en profundidade do seu contido e a seguridade xurídica aconsella refundir toda a regulación do mencionado caladoiro nun só instrumento normativo.

En consecuencia, procédese a derogar, en norma de rango oportuno, o Real decreto 2200/1986, do 19 de setembro, de regulación de artes e modalidades de pesca en augas do caladoiro canario.

Por outro lado, cómpre modificar certos tamaños mínimos autorizados para o caladoiro de Canarias recollidos no anexo III do Real decreto 560/1995, do 7 de abril, polo que se establecen os tamaños mínimos de determinadas especies pesqueiras.

Froito das reunións mantidas co sector afectado e coa comunidade científica, modifícanse varios tamaños que quedaron obsoletos polo paso do tempo dada a evolución do caladoiro e os avances no coñecemento destas pesqueiras e, ademais, incorpóranse dúas novas especies á listaxe das que teñen asignados tamaños mínimos no caladoiro canario.

A presente norma dítase ao abeiro da competencia exclusiva sobre a pesca marítima que posúe o Estado ao abeiro da regra 19.ª do artigo 149.1 da Constitución española.

Efectuouse o trámite de comunicación á Comisión Europea previsto no artigo 46 do Regulamento (CE) n.º 850/1998 do Consello, do 30 de marzo de 1998, para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños.

Na elaboración da presente norma consultouse o sector pesqueiro e a Comunidade Autónoma de Canarias, así como o Instituto Español de Oceanografía.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Derrogación do Real decreto 2200/1986, do 19 de setembro, de regulación de artes e modalidades de pesca en augas do caladoiro canario.*

O Real decreto 2200/1986, do 19 de setembro, de regulación de artes e modalidades de pesca en augas do caladoiro canario, queda derrogado con data do 30 de novembro de 2015.

Artigo 2. *Modificación do Real decreto 560/1995, do 7 de abril, polo que se establecen os tamaños mínimos de determinadas especies pesqueiras.*

Un. O primeiro parágrafo do artigo 1 queda redactado como segue:

«Os tamaños mínimos autorizados para as diferentes especies pesqueiras capturadas por buques españois serán, para cada un dos caladoiros diferenciados que integran o caladoiro nacional, os indicados nos anexos do presente real decreto, sen prexuízo da aplicación do Regulamento (CE) n.º 850/1998 do Consello, do 30 de marzo, para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños.»

Dous. Modifícanse as seguintes especies no anexo III do Real decreto 560/1995, do 7 de abril, que quedan redactadas como segue:

Especie	Nome local canario	Tamaño (lonxitude total en cm)
Pancho bicudo (<i>Pagellus acarne</i>)	<i>Besuguito aligote</i>	20
Cabra (<i>Serranus cabrilla</i>)	<i>Cabrilla, cabrilla reina</i>	19
Dentón ollón (<i>Dentex macrophthalmus</i>)	<i>Antoñito, dientón</i>	22
Pancha (<i>Spondyliosoma cantharus</i>)	<i>Chopa, negrón</i>	23
Papagaio vello (<i>Sparisoma cretense</i>)	<i>Vieja</i>	22
Prago (<i>Pagrus pagrus</i>)	<i>Bocinegro</i>	28
Serrán de cola negra (<i>Serranus atricauda</i>)	<i>Cabrilla negra ou cabrilla ruana</i>	20

Tres. Inclúense as seguintes especies no anexo III do Real decreto 560/1995, do 7 de abril:

Especie	Nome local canario	Tamaño (lonxitude total en cm)
Morea augusta (<i>Muraena augusti</i>)		56
Morea castaña (<i>Gymnothorax unicolor</i>)		57

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 30 de novembro de 2015.

Dado en Madrid o 27 de novembro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA